

Nome/Título da evidencia: Creación dunha entrada de blog de “ Titorías” do noso centro, sobre “ **estereotipos de xénero no reguetón**” mediante ferramentas de IA

Tipo de evidencia: outro: recurso dixital para acción titorial e educación en valores

Autores/as: María José Vilaboy López, María Paz López Galego

Departamento(s): Orientación / Titoría, Relixión

Recurso(s) de IA utilizado(s): ChatGPT 4.0 (chat.openai.com), Leonardo AI (leonardo.ai) Canva, asistente de xeración de imáxes. Copilot (copilot.ia) e Gemini .

Breve resumo da actividade:

Descrición: No contexto dun curso de formación sobre Intelixencia Artificial aplicada á docencia, deseñouse e publicouse unha entrada para un blog educativo centrada na análise crítica dos **estereotipos de xénero presentes nas letras e imaxes da música de estilo reguetón**, un dos xéneros musicais máis consumidos polo alumnado adolescente.

A actividade consistiu en:

1. Utilizar ChatGPT, e Gemini para xerar un artigo divulgativo con contido adaptado a un público escolar, que promovesse a reflexión crítica sobre o sexismo e os roles de xénero no reguetón.
2. Empregar Leonardo AI, Canva, Copilot e Chat GPT para xerar imaxes ilustrativas libres de dereitos, que acompañasen visualmente o texto do artigo de forma coherente co seu contido.
3. Publicar a entrada no blog da acción titorial, co obxectivo de proporcionar unha guía de actividades para tratar o tema da violencia de xénero.

Finalidade: Desenvolver a competencia crítica do alumnado fronte aos contidos culturais que consome. Aproveitar a IA como ferramenta de creación de contidos titoriais atractivos e significativos. Promover a igualdade de xénero desde unha perspectiva educativa e próxima ao alumnado.

Contidos traballados: Educación en igualdade, análise crítica dos medios, roles e estereotipos de xénero, ética e responsabilidade dixital, uso das IA para fins educativos.

Materia: Titoría / Acción titorial / Educación en valores

Alumnado (curso): Alumnado de Educación Secundaria

Reflexión sobre a aplicación da actividade na práctica:

Vantaxes atopadas:

- **Implicación do alumnado:** O tema resulta relevante e motivador para o as clases.
- **Axilidade na creación:** As ferramentas de IA facilitaron a redacción e ilustración do contido de maneira máis atractiva.
- **Conciencia crítica:** A actividade promove o pensamento reflexivo e a toma de conciencia fronte a mensaxes discriminatorias ou normalizadas.
- **Aplicación transversal:** Pode integrarse en proxectos de tutoría, educación en valores, ética ou como tema trasversal en outras materias.

Inconvenientes atopados:

- **Revisión ética necesaria:** A IA pode xerar contidos que requiren revisión crítica por parte do docente para evitar enfoques simplistas ou descontextualizados. Por este motivo recurrín a dúas IAs para ver os enfoques de cada unha. Pero aínda con todo foi necesaria a redacción final da entrada para facer axustes e eliminar duplicidades, etc
- **Limitacións visuais da IA:** As imaxes creadas por todas as IAs foron pobres pero finalmente as de Leonardo AI conseguían representar o que pedía e manter o estilo.
- **Sensibilidade temática:** Cómpre tratar o tema con coidado para evitar estigmatizar ao alumnado ou certos gustos musicais.

Posibles melloras da actividade:

- Crear unha versión interactiva do artigo (ex. en Genially ou Canva) con preguntas e vídeos.
- Fomentar a participación do alumnado mediante enquisas ou formularios de Google Forms ou Vox a plataforma didáctica da Xunta de Galicia debido a que temos desativados os comentarios no blog.

Dificultades atopadas:

A principal dificultade foi adaptar o contido xerado pola IA a unha linguaxe e enfoque pedagóxicos adecuados para o contexto escolar. Tamén se requiriu un proceso de curación

de contido para seleccionar imaxes que reforzasen a mensaxe igualitaria e non perpetuaran os mesmos estereotipos que se pretendían criticar.

Evidencia:

<https://bibliotecatitorias.blogspot.com/2024/11/os-estereotipos-de-xenero-no-regueton.html>